



Título das Xornadas: **PLANEANDO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NOIA**

Datas: 6, 13, 20 de setembro e 11 de outubro de 2013

Lugar: Casa da Cultura “Antón Avilés de Taramancos” de Noia  
Rúa Corredoira de Luis Cadarso s/n

Organizan: Concello de Noia, Concello de Santiago de Compostela e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Delegación de Santiago de Compostela

Número de prazas: 70

Inscrição: A partir do 26 de agosto, na web do COAG. Gratuita.

Presentación: O **urbanismo** non é so unha distribución de superficies edificables e, o que iso significa, a distribución de riqueza dun xeito que parece, as veces, aleatorio ou inxusto por responder a intereses pouco claros. A planificación é un acordo social suxeito por todos os individuos dunha determinada comunidade e que serve aos intereses de todos, para que a cidade e a contorna desa sexa habitable e produtivo desde moitos puntos de vista. O planeamento, sobre todo, debe debuxar cómo vai ser a cidade nun futuro relativamente próximo, en relación á que hoxe temos.

As **vilas**, en Galicia, son núcleos urbanos moi representativos, cunha escala e capacidade de relación coa contorna que fan que os cidadáns sexan quen de comprender e participar nos procesos de transformación dos espazos privados e os compartidos.

Coa ocasión da presentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Noia, presentase a oportunidade de debater sobre os principios que rexen ou deben rexer a planificación urbana da vila.

Propúñase a celebración destas **xornadas** os días venres de catro semanas, as tres primeiras consecutivas, en setembro, e a primeira de outubro. Iniciarase con elas unha reflexión baseada no traballo e a exemplarización de elementos que forman parte da transformación dunha vila como Noia.

En cada unha delas participará como poñente un especialista en un tema concreto, que dará pé ao debate e á discusión e aclaración de dúbidas por parte dos presentes, sobre a mellor configuración dos espazos urbanos que coñecen ben.

Cada un dos poñentes ofrecerá unha imaxe do proxecto urbano dende o punto de vista da sociedade, da administración e do técnico independente. Preténdese que as charlas sexan didácticas e entretidas, para incentivar a participación de persoas sen relación direita

profesional co urbanismo ou a planificación. O ciclo quere ofrecer unha perspectiva complexa e interdisciplinar dos problemas do hábitat e das políticas destinadas a afrontalos, nas distintas escalas e contextos.

Ademais de aos cidadáns en xeral, as xornadas están **dirixidas** aos técnicos implicados en cuestións de hábitat (espazo público, vivenda, territorio, etc.) pois han de ter habilidades para deseñar e xestionar procesos participativos cos diferentes actores implicados (técnicos, políticos e ciudadáns), ao mesmo tempo que han de ser quen a interrelacionar as realidades físicas, culturais, políticas, xurídicas e económicas subxacentes á xestión do hábitat.

Programa:

6 de setembro

**Leandro del Río**

Arquitecto e Urbanista.

“Aproveitamentos e superficies en plans xerais”

Hora: 19:30

13 de setembro

**Manuel Borobio**

Arquitecto

Director do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia

“Os Plans Xerais de Ordenación e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia”

Hora: 19:00

20 de setembro

**Juan Requejo**

Licenciado en Ciencias Económicas

Licenciado en Xeografía

Consultor de planificación.

“Planeamento, individuo e sociedade”

Hora: 19:00

11 de outubro

**Alfonso Salgado e Francisco Liñares**

(SalgadoeLiñares ArquitectosEnxeñeiros)

Arquitectos

“Intervencións en Noia”

**Sebastián Ríos**

(UNO70 ARQUITECTURA)

Arquitecto

“Intervencións en Noia”

**Álvaro Marín e Alfonso Castro**

(2es+ ESTUDIO DE ARQUITECTURA)

Arquitectos

“Intervencións en Noia”

Hora: 19:00